



MEMORIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE MAIS DXT E A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA A REALIZACIÓN DE *PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS*.

A AGASP é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito organicamente á consellería con competencia en materia de interior e xustiza da Xunta de Galicia, que para o cumprimento dos seus fins goza de personalidade xurídica propia, autonomía funcional e plena capacidade de obra.

A Lei/2007, do 15 de xaneiro, pola que se crea a AGASP, establece entre os seus fins, que a Academia orientará a súa actuación ao enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia xunto co compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública e o impulso de calidade nos servizos para unha mellor atención o cidadán e unha maior satisfacción dos seus xestores.

No DOG de data 7 de abril de 2017 publicouse o *Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia*.

O referido Decreto regula no artigo único punto Un) que se engaden dúas novas letras D) e E) nos puntos 1 e 2 do artigo 6 do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, en virtude das cales a formación mínima para o acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia amplíase aos seguintes supostos:

Artigo 6.1:

- D) Título de Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.
- E) Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.





Artigo 6.2:

- D) Título de Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), establecido no anexo VI e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.
- E) Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), establecido no anexo VI e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.

Os anexos V e VI do *Decreto 35/2017, do 30 de marzo, regula o contido dos cursos CAFDO-IA e CAFDO-EAN, establecendo respectivamente o módulo de PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS e EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS, cunha duración de 80 horas.*

Agasp dentro do seu plan formativo ten previsto o está a realizar diferentes accións formativas en materia dos cursos de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo.

As prácticas profesionais non laborais de socorrismo son un modulo formativo do curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo, o cal o alumno/a debe superar e está incluído tanto no curso para instalacións acuáticas coma no curso para espazos acuáticos naturais, a superación do citado módulo e preceptivo para obter os resultados de aprendizaxe que engloba completar a adquisición de competencias profesionais propias do socorrismo en instalacións acuáticas acadadas a través dos contidos teóricos e prácticos propios do curso en situacións laborais reais e adquirir unha identidade e unha madureza profesional motivadoras para a aprendizaxe ao longo da vida e para as adaptacións aos cambios das necesidades de formación.

Para a realización das practicas profesionais é necesario dispor das instalacións necesarias e/ou dos espazos acuáticos naturais, polo que se precisa asinar convenios de colaboración con concellos ou empresas que presten servizos en instalacións acuáticas ou en espazos acuáticos naturais.

Neste senso, o obxecto deste convenio é a participación do concello/empresa na realización do módulo *prácticas profesionais non laborais de socorrismo* é un módulo formativo que debe superar o alumno do curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas/ espazos acuáticos naturais, cunha duración de 80 horas.

A AGASP a través do Coordinador da actividade formativa comprométese a informar sobre ó contido do programa formativo coa antelación necesaria ao seu inicio e o Concello/empresa acollerá a alumnos dos cursos e colaborará na realización das prácticas, respectando todo o recollido no *Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16*





de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, e en especial do disposto nos Anexos V/VI.

A sinatura do convenio non implica, por parte da AGASP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que realicen as prácticas da actividade e a Agasp ou o Concello/Empresa

Non obstante, ao efecto de proceder a sinatura do correspondente convenio de colaboración, e con carácter previo solicítase informe da Asesoría Xurídica, segundo o disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

A Estrada, 15 de xuño de 2017

O secretario xeral da AGASP

Ramón Quiroga Limia

